

“6ª EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA DE RECURSOS EDUCATIVOS EN PROL DA INNOVACIÓN, A CALIDADE EDUCATIVA E A RENOVACIÓN PEDAGÓXICA”

BASES

O Concello de Santiago de Compostela e Nova Escola Galega convocan os "Premios Educacompostela", co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica.

Temática: Os materiais didácticos¹ poderán estar dirixidos aos diferentes niveis do ensino e poderá tratar sobre aqueles temas que o profesorado considere oportuno abordar no desenvolvemento do currículo nos seus centros educativos, ben sexa en Educación Infantil, Primaria ou Secundaria. Así mesmo tamén se poderán presentar materiais elaborados e destinados para o contexto non formal e informal.

| | | |
|---|------------------|---------|
| Dotación do concello de Santiago de Compostela: | Primeiro Premio: | 1.200 € |
| | Segundo Premio: | 900 € |
| | Terceiro Premio: | 600 € |

1. Os materiais presentados deberán ser orixinais e inéditos. Deberán estar redactados ou elaborados en lingua galega. Non poderán participar aqueles traballos que tiveran sido premiados con anterioridade.

Cada material ou conxunto de materiais deberá ir acompañado dun texto explicativo dun máximo de 15 páxinas que dea conta das súas características, da estrutura do mesmo, obxectivos, destinatarios/as, integración no currículo, proceso de elaboración, experimentación e avaliación seguido.

2. Poderán participar individualmente ou en grupo, quen teña producido materiais didácticos sobre os temas relacionados.

¹"Aqueles recursos didácticos elaborados intencionalmente para o ámbito formal, non formal e informal, co propósito fundamental de contribuír a facilitar os procesos de construción do coñecemento e de adquisición de valores, dos alumnos/as e profesores/as. Acostuman a presentarse baixo variadas formas e sistemas simbólicos e están ao servizo dun programa ou proxecto educativo".

- Os orixinais para optar aos premios deberán rexistrarse ou entregarse no Rexistro Xeral do concello de Santiago de Compostela entre o **28 de marzo** e o **30 de xuño de 2008**. No sobre exterior farase constar:

Concello de Santiago de Compostela
Departamento de Educación
"6ª Edición dos Premios Educacompostela"
Rúa do Presidente Salvador Allende nº 4
15705 Santiago de Compostela

Aceptaranse os orixinais que cheguen por correo se levan data do cuño anterior á finalización do prazo de presentación.

Tanto os concursantes individuais como os equipos deberán acollerse a un pseudónimo. En sobre aparte e pechado (rotulado por fóra co pseudónimo), incluírase no seu interior:

- Nome da entidade, institución, autor/a ou autores/as concursantes.
 - Domicilio profesional e teléfono.
 - Título do traballo presentado.
 - Pseudónimo
- O xurado esta composto por: Concelleira de Educación de Santiago, dous representantes de Nova Escola Galega, dous representantes do Departamento de Educación do concello de Santiago, o Director/a do Departamento de Didáctica e Organización Escolar, un representante dos Cefores de Galicia e un representante das Editoriais de Galicia.
 - As entidades convocantes comprométense a dar publicidade ás obras premiadas.
 - Así mesmo a presentación dos traballos supón a aceptación das bases da presente convocatoria:
 - Os premios poderán ser declarado desertos.
 - As decisións do Xurado serán inapelables.
 - Os premios están suxeitos a retención fiscal.
 - As cuestións non previstas nestas bases será resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.

Máis información:

Departamento de Educación. Tfno: 981- 55 44 00